

Croquis do caderno de campo do autor

**TOMÁS VEGA PATO**

Biografia, consultar «Raigame» nº 1



# O pozo do lobo da xente

## Tradición e licantropía en terras de Conso

**Tomás Vega Pato**

Debuxos e fotos do autor

*A Olimpio e Josefina, creadores do museo Liste, a quen tanto se lles debe pola súa dedicación á recuperación do patrimonio etnográfico mobiliario.*

**D**e novo é a Serra de Queixa o obxecto da nosa investigación, esta vez en territorio de Vilariño de Conso, na estribación leste de dita serra. De novo, tamén, retomamos o tema da loita contra o lobo<sup>1</sup>, aínda que no presente caso a loita non é máis ca un dos aspectos a tratar, xa que se o sistema de trampa que imos a

describir é dunha grande singularidade pola súa disposición e características, non é menos importante o aspecto das lendas que sobre licantropía rodean, e mesmo minimizan, a realidade, o feito físico.

O **“Pozo do lobo”** por un lado, e **“Os lobos da xente”**, por outro, fan que teñamos que dividi-lo traballo en dous

apartados para a súa correcta descripción. Antes, sen embargo, quixeramos introducir ó lector no coñecemento físico do territorio denominado Serra de Queixa, polo que o remitimos ós nosos traballos anteriores nos números 2 e 4 de *Raigame*<sup>2</sup>, co fin de non recorta-lo noso relato, dado o espacio disponible para desenvolve-lo mesmo.

1. Ver “O curro do lobo. Descripción dunha trampa tradicional para a caza do lobo (Cernado - Manzaneda)” en *Raigame* nº2 pp. 56-61.  
2. Ver *Raigame* nº2 e nº4, pp. 56-62 e 18-29 respectivamente.



Fig. 2. *Detalle dunha sebe na actualidade.*

### O POZO DO LOBO

Sitúase esta construción tradicional na beira esquerda do río de Conselo –ou río Cenza como se lle chama tamén na actualidade<sup>3</sup>– na paraxe denominada *Veiga de Pedrafita*, punto obrigado de paso para quen dende as montañas que rodean as *Veigas de Conselo*,

nas que se enclava a anterior, se desprace na busca dunha saída fácil ou cómoda das mesmas.

É a *Veiga de Pedrafita* unha zona moi chaira, cunha extensión superficial dunhas catro hectáreas. Realmente trátase dunha turbeira que permanece asulagada a maior parte do ano, e en calquera caso o nivel freático mantense sempre moi

alto. Ó pé do pozo discorre o camiño que leva ó lugar de Chaguagoso. A proximidade das trampas para o lobo a un camiño é unha constante en tódolos que nos son coñecidos; esto non é máis ca unha circunstancia con orixe na condición de punto de paso obrigado.

A trampa dispónse en cruz. Cada brazo está fomado por

3. Existe neste río unha importante “cenza” de imponente aspecto o cal se viu minimizado pola modificación experimentada a raíz da explotación dunha canteira da que foi extraída a pedra para a construción dun complexo hidroeléctrico na conca. Tamén polo escaso caudal do río motivado ó atrancamento da auga no encoro levantado ó final das Veigas de Couselo. A construción do complexo hidroeléctrico coa intervención cartográfica de técnicos foráneos maila deficiente información tomada no levantamento do M.T.N. deron lugar a esta e a outras variacións toponímicas, ás veces tan absurdas como graves. Ó respecto citamos na mesma folla de dito mapa –227– - Manzaneda– un caso do máis elocuente: podemos ler GUAZENZA no canto de SUACENZA (Sub-a-cenza). Tamén, nesta folla, outros casos coma COLGATRABES por CORGA TRAVESA; BUSTICATO por BUSTICOVO; TURCIBAO por TURCIBOCAS; LA PAZ por A PA, etc. Outros casos máis graves, noutras follas da provincia son: ALHAMA por A LAMA; LAS PAULINAS por AS POULIÑAS; e LA JALINA por A GALIÑA. Poderíamos poñer moitos máis exemplos pero só añadiremos un, na seguinte folla, 228, pola súa singularidade xa que se trocou CELEIRÓS por CILLERÓS.




Fig. 1. *Reconstrucción conxetural dunha parede, ou sebe.*

unha parede ou sebe<sup>4</sup> levanta- da a base de grandes antas entre as que, completando a vedación, se dispoñen peque- nas laxes en aparello de pare- de tradicional. A disposición das antas a treitos é transversal ó eixe do brazo, co cal se consegue un muro de consi- derable espesor. A altura, a xulgar polos desmoronamen- tos e mesmo polas antas, podería estar sobre 1,50 m. (Fig. 1 e 2)

Cada un dos brazos da cruz mide uns 80,00 m. -cen- pasos- converxendo nun pozo oval con eixes duns 6,00 e 7,00 m., respectiva- mente, cal fondura fixaremos de forma conxetural, xa que na actualidade está atuído

con pedras ata aproximada- mente 1,00 m. da boca, polo perigo de caída que supón para o gando que paze na veiga. As paredes, os brazos, son aliñamentos practica- mente rectos case perpendicu- les entre sí. (Fig. 3 e 4)

A disposición da trampa per- mitía acurrallar mediante *aba- tidas* ou *corridas* ás feras xa que terían que pasar forzosa- mente por ela na súa fuxida. Desto falaremos máis adiante; antes trataremos de fixa-la fondura, que segundo os veci- ños e os pastores era moi grande; para elo contamos con poucos datos. Un deles é a terra procedente da excava- ción que se amontoa forman- do un túmulo, arredor do

pozo. Este túmulo ten unha sección semellante a un sec- tor circular de 3,50 m. de anchura e 0,80 m. de altura; o perímetro total é duns 30,00 m. no eixe do túmulo. Se temos en conta a sedimenta- ción, de maior compacidade có terreo natural, mailas per- das por arrastres, podemos tomar sen temor a esaxerar un volume dobre que o actual. Feitos os cálculos do mesmo daríanos un total hipotético de 100,00 m<sup>3</sup>, que divididos pola superficie media do pozo, uns 30,00 m<sup>2</sup>, da como resultado unha fon- dura, partindo da rasante natural do terreo, de 3,45 m., ós que teríamos que sumarlle a altura actual do túmulo, 0,80 m., maila da mingua, por

4. Temos certas dubidas ó respecto, xa que chegamos a hipotetizar cunha *quinchousa*, pero a investigación rigorosa e obxectiva, non nos permite manter esta opinión, aínda que non cerramos o caso de forma definitiva.




Fig. 3. *Planta da trampa (croquis) coa disposición das sebes, nas que se alternan os derrubos coas invasións vexetais (uces).*



Fig. 4. *Vista da trampa na actualidade.*

arrastres, da altura primitiva do túmulo que, tendo en conta a morfoloxía orixinal do mesmo, non levamos máis alá de 0,55 m. (Ver figura 5)

A profundidade resultante, uns 4,60 m., semella ser pouca a teor das lendas e opinións recollidas<sup>5</sup>, pero deberemos ter presente que dado o nivel freático da turbeira (ver fig. 6 e 7) non permitiría cos medios de entón chegar a maior profundidade e para iso en época de seca, polo que o único

recurso para aumentala fondura foi o de recorrer o túmulo perimetral.

O método utilizado para o cálculo, ó non tratarse dun óvalo no sentido estricto, foi gráfico, debuxando suficientes perfís a escala (1:25), solución para nós máis fiable que calquera outro procedemento.

A situación concreta do pozo fixémosla mediante a designación U.T.M., que é a seguinte: 29 TPG 468792, sendo a alti-

tude s.n.m. duns 1.300 m. (Fig. 8 e 9).

Na actualidade case esquecido e cun incompreensible grao de abandono, o **Pozo dos lobos da xente** non ten máis significación que calquera *curro* ou chouza *esborralladas*, no que a xente a penas repara, fixada a súa atención na presa que se ergue só unhas decenas de metros máis arriba (Figura 10). Mágoa dun acoutado e a información axeitada para coñecemento dos visitantes e preservación do mesmo<sup>6</sup>.

5.- Xaquín Lorenzo fixa a fondura dos foxos do lobo entre os 3,00 e os 4,00 m.: "A caza", in *Historia de Galiza*. Los Berrocales del Jarama (Madrid): Akal editor, 1979; vol. 2, pp. 452 ss.

6.- Fixemos xestións, unhas escritas e outras verbais, ante responsables municipais e da empresa concesionaria que, aínda que ben recibidas, non deron resultado.




Fig. 5. *Planta actual do pozo e seccións: actual, trazo continuo; conxetural, trazo discontinuo.*



Fig. 6. *O pozo asulagado.*

## OS LOBOS DA XENTE

Cando se realiza investigación de campo sobre o **Pozo dos lobos da xente** o primeiro que lle fan saber a un é que este pozo non foi construído para caza-lo lobo, senon para a captura dos **lobos da xente**. Case non fan caso se insistimos en recabar datos sobre a fera; invariablemente contan a lenda, que eles cren verdadeira, e antes de face-lo relato póñennos en antecedentes -esto parece ser moi

importante para eles- de que nunca puideron leva-los **lobos da xente** á trampa. Os máis prefiren falar pouco do asunto e déixano para o señor Leandro que é quen máis sabe del, poque así llo transmitiu seu avó, o pai da súa nai e predecesor en conta-los feitos, e tamén porque de antigo tiveron relación directa co feito, xa que a avoa do seu avó morreu devorada por tales seres. O señor Leandro, natural de Chaguagoso, é da quinta do trinta e seis. Os nosos primeiros informantes déronnos toda a clase de detalles para

coincidir con el nun punto e hora, que denominaron como "*ó empardecer*".

Os **lobos da xente** eran tres, "*dous homes, un máis grande e un máis pequeno, e unha muller*". Mantíñanse sempre neste territorio, "*nunca pasaron do río de Bidueira -no concello de Manzaneda- pro outro lado*". Tiñan unha *fada* e eran iguais cós lobos, "*andando a catro patas igual có lobo do gado*", "*cando tiraban coa pel eran igual cós humanos, ata que lle viña a fada de novo*."





Fig. 7. *O pozo en época de seca.*

Houbo quen viu á muller, peiteándose ela, e tamén peiteando ós dous homes. Ó dicilo parecen querer transmitir unha certa xerarquización na que a muller sería a que conducía o clan. A fada duroulle *sete* anos e ó pasarlle *“apareceron e viñeron ó lugar”*. Ó preguntarlle que fixeran con eles ó chegar, contesta o sr. Leandro: *“¡nada! ¿que lle iamos facer? eles non tiñan a culpa, era a fada”*. **Os lobos da xente** *“non lle tocaban ó gado, só á xente”*.

Outro dos aspectos diferen-

ciais dos lobos da xente era a inmunidade diante das armas de fogo, que nunca disparaban cando se lles apuntaba a eles. As únicas armas coas que se podían ferir eran os *lanzafouces*, arma da que ía provista calquera persoa que saíra ó monte<sup>7</sup>, ou mediante pedradas. Din que certo veciño de Castiñeira conseguiu darlle un cantazo a un deles e foi tan forte o impacto que lle fixo da-la *pinchacarreira*. Sobre encontros cos **lobos da xente** relatan moitos casos que por extensos deixamos para outra ocasión; todos son

semellantes entre si, só varían os personaxes e os lugares onde suceden.

Co fin de poder atrapar a estes tres **lobos da xente** facíanse as xa referidas *corridas*, ou *abatidas*, para leva-los ó pozo. A tal propósito reuníanse con certa periodicidade as xentes de Castiñeira e do val-Val de Conso, como se coñece localmente ás terras baixas do concello de Vilariño de Conso- que, provistos de diversos obxectos, facían gran ruído, baixando polas ladeiras detrás **dos lobos da xente**.

7.- O lanzafouces era, ademais, útil para outros mesteres coma: mondar valadeiros, limpar árbores, etc.



Fig. 8. *Veigas de Conselo, vistas dende o sur, antes do asulagamento.*

Ían tamén armados de obxec-  
tos punzantes que, ademais  
dos devanditos lanzafouces,  
podían ser forquetas, macha-  
das, fouces, etc. Ó parecer  
foron moitas as corridas feitas,  
pero nunca os puideron levar  
ó pozo.

Cando os lobos da xente ata-  
caban a algunha persoa tron-  
zábana, en expresión común  
das xentes de Chaguazoso,  
como fixeron coa avoa do avó  
do noso principal informante.

Sen embargo mentras perma-

necían en estado humano e  
intuían que lles chegaba a fada  
-xa que alternaban ambos  
estados humano e animal-  
advertían ás persoas que esta-  
ban con eles para que fuxisen  
de gana e así evita-lo dano que  
lles puideran facer. Unha vez  
transcorridos os sete anos da  
fada recobran definitiva-  
mente a forma humana esque-  
cendo a súa vida de lobos,  
ostentando un comportamen-  
to exemplar.

O interese que espertou en  
nós o **Pozo dos lobos da**

**xente** e mailos relatos e len-  
das que o arrodean leváron-  
nos a facer unha investiga-  
ción máis minuciosa, de  
xeito que chegamos a deter-  
minadas conclusións, que se  
non son novedosas todas,  
algunhas alomenos son coin-  
cidentes con outras incluídas  
en estudos realizados por  
outros autores<sup>8</sup>.

Esta investigación comprende  
toda a Serra de Queixa e  
zonas máis baixas dos conce-  
llos nos que se enclava, e  
mesmo en terras do Bolo,

8.- Referímonos de xeito concreto ós traballos publicados por Vicente Martínez Risco, Laureano Prieto e C. García Paz, pola súa imbricación na zona que é obxecto do noso estudo. Parte das nosas conclusións xa foron sinaladas por eles; non obstante con variacións significativas respecto das que concretamos neste traballo.



Fig. 9. *Veigas de Conselo, vistas dende o norte, despois do asulagamento.*

comarca limítrofe co territorio descrito<sup>9</sup>.

Foron tantas as lendas escollidas que darían pé a un novo traballo específico, o cal sen dúbida faremos máis adiante, entrementes relacionaremos as conclusións ás que chegamos mediante a análise de ditos relatos. Son as seguintes:

- A transformación en **lobo da xente** vai sempre precedida dunha maldición -fadafeita sempre por un familiar.
- A persoa sempre se envorquilla antes de adquirirla condición de lobo.
- Cando, estando en forma humana, prevén que lles volva a fada, sempre avisan a quen estea con eles, aínda que de forma indirecta: *“vaite que che podo facer mal”*, ou frase parecida, pero non din que se van a converter en lobos.
- Cando recobran, temporalmente, o estado normal son bos, e lamentan o dano causado.
- Nin as temen nin son danados polas armas de fogo. Só se poden ferir con armas cortantes ou con pedradas.
- A fada dura invariablemente sete anos. Nalgún dos casos que nos contaron a duración xa vai implícita na maldición: *“jasí te volvas lobo por sete anos!”*. Sen embargo a fada pode desaparecer antes se se consegue colle-la pel cando a tiran e se queima *“sen que quede un só pelo”*, xa que volvería a *“facerse”* de novo. Tamén desaparece a fada ó

9.- Temos noticias doutro **“foxo do lobo da xente”** en Ardexaxe, neste último territorio, sendo a nosa intención investigar sobre o mesmo.



Fig. 10. O “Pozo do lobo da xente” ó pé da presa.

facerlle unha ferida que san- gre cando están en figura de lobo, e sempre que a ferida non sexa mortal<sup>10</sup>.

- Se unha ferida lles causa a morte esta non tería lugar no sitio onde foi ferido. Ó respec- to temos que dicir que non sabemos dun só caso no que o **lobo da xente** fose morto. Mesmo no caso que relatamos lembremos que nunca puide- ron leva-los ó pozo.

- Os **lobos da xente** non comen a *res* nin o *gado* só

comen ás persoas. Nunca lle comen o brazo dereito nin a perna esquerda, pero esto dise tamén do lobo do gando. Poden, tamén, camiñar entre os rabaños sen asustar o gando.

- Pasados os sete anos, e desa- parecida a fada, regresan ás súas casas e non recordan nada do acontecido; a xente respétaos sen terlle en conta o mal que fixeran, pero naide é capaz de recordar como conti- nuaron a súa vida despois.

- Os nosos informantes recor-

dan os nomes das vítimas mortais ou dos que foron ata- cados, mais non lembran os nomes dos **lobos da xente**, aínda en casos tan concretos coma o que tratamos, no que eran xente do mesmo lugar cás vítimas.

- Os curmáns, ou curmás, dos **lobos da xente** aparecen con frecuencia nos relatos, sem- pre como vítimas ou teste- muñas do cambio de persoa a lobo: “*comeu a un primo seu*”, “*estaba cunha prima carnal cando lle veu a fada*”.

10.- Segundo no lugar onde se faga o interrogatorio, o **lobo da xente** ó ser ferido recobra a forma humana ou fuxe sen máis comentario.



Fig. 11. *Vista xeral da Veiga de Parafita coa trampa ó fondo.*

Abondando no que se di no parágrafo anterior é normal que recorden os nomes dos curmáns, pero non os do **lobo da xente**, cos que estaban emparentados.

- Canto o seu aspecto físico humano, sempre son persoas ben parecidas, xeralmente loiras -homes e mulleres- e co cabelo largo. Son xente boa, chegando á condición de lobos por rencores, envexas, ou celos dos que os maldicen.

- Tódalas lendas de **lobos da xente**, en tódolos casos tive-

ron lugar nunha época determinada, que se pode fixar entre o final do século XVIII e todo o primeiro carto do XIX, aínda que se detecta certa confusión temporal, xa que para o que semella ser un mesmo caso dan épocas distintas o cal implicaría unha fada máis longa, que non se correspondería cos anos que fixan para a mesma, ou sexa: sete. Chegamos a esta conclusión partindo da indicación do grao de parentesco das vítimas, ou testemuñas, con persoas actuais, e tamén polo coñecemento que temos dal-

gúns personaxes relacionados, dos cales tíñamos referencias directas dos nosos maiores, que os acordaban, e nos transmitiron por outras cuestións. No caso concreto dun home que feriu a un destes seres non se pode leva-lo seu nacemento mais aló do 1825.

## VOCABULARIO

### VERBAS LOCAIS CONTIDAS NO TEXTO

<b>Abatidas</b>	Batidas
<b>Corrida</b>	Batidas para caza-lo lobo
<b>Cenza</b>	Salto de auga no curso natural dun río. Na comarca diferéncianse tres denominacións na morfoloxía dun salto de auga: cenza, o curso da auga en caída; ferrenza, a auga que se eleva no impacto contra o pozo, tamén a escuma que se produce; finalmente mergulleira, o pozo excavado pola auga.
<b>Curro</b>	Cercado, sen cobertura para estabular a res –cabras e ovellas– na tempada de verán (ver <i>Raigame</i> nº2).
<b>Empardecer</b>	Tamén se di entre <b>lusco e fusco</b> . Refírese ó período do día entre a posta do sol e a noiteña.
<b>Esborrallar</b>	Derrubar, desmoronarse.
<b>Gado</b>	Gando. Emprégase con preferencia para denomina-lo gando vacún.
<b>Lanzafouces</b>	Fouce da roza mangada nun rabo moi longo respecto ó habitual; aproximadamente dous metros.
<b>Pinchacarneira</b>	Acción de xira-lo corpo no aire, nun movemento, voluntario ou non, lanzándose de cabeza cara adiante para caer de pé ou sobre as costas según sexa a acción: voluntaria ou por impulso alleo.
<b>Quinchousa</b>	Camiño estreito entre dúas paredes.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, J.: “Denominaciones gallegas de la culebra, el zorro y el lobo”, *Boletín del Museo Provincial de Lugo* VIII (1967-68), pp. 113-120.
- FERNÁNDEZ FERREIRO, X.: “Historias do lobo”, *Grial* 91 (1986), pp. 71-72.
- FRAGUAS FRAGUAS, A.: “El lobo en tierras de Cotovade”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos. Orense* XV, 3 (1946), pp. 129-137.
- GARCÍA PAZ, C.: *IV Melodía. Desfile de ambiente galego*. Orense: Impr. “La Industrial”, 1935.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X.: “A Caza”, in *Historia de Galiza*. Los Berrocales del Jarama (Madrid): Akal editor, 1979; vol. 2, pp. 452 ss.
- LLAMAZARES, J.: *Luna de lobos*. Barcelona: Seix Barral, 1989.
- MARTÍNEZ-RISCO AGÜERO, V.: *Un caso de lycantropía (o home-lobo)*. A Cruña: Moret, Real Academia Gallega, 1971.
- MORALEJO LASSO, A.: “Fogium Lupale” y sus actuales derivados gallegos”, *Cuadernos de Estudio Gallegos* XXIII (1952), pp. 133-137 = *Toponimia Gallega y Leonesa*. Santiago: Pico Sacro, 1977; pp. 137-143.
- PEÑAS PATIÑO, X.M.: *O Lobo*. (Voceiro de Divulgación nº4). Santiago: Sociedade Galega de Historia Natural, 1985.
- PRIETO, L.: “La zoantropía en Galicia”, *Zephyrus* 4 (1953), pp. 353-362.
- RISCO, V.: “El «lobishome»”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* I (1945), pp. 514-533.
- RISCO, V.: “Contribución al estudio del lobo en la tradición popular gallega”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* III (1948), pp. 93-116.
- RISCO, V.: “O lobo da xente”, *Grial* XVIII, núm. 70 (1980), pp. 435-358.
- TABOADA CHIVITE, J.: “Montería y corrida de lobos en Galicia”, *Boletín Auriense* I (1971), pp. 187-198.
- VEGA PATO, T.: “O Curro do lobo”, *Raigame, Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares*, nº2 (1996), pp. 56-61.